

REGULAMENTO ELECTORAL PARA A ELECCIÓN A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL, PRESIDENTE E COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACIÓN GALEGA DE VOLEIBOL

Capítulo I

Disposicións xerais.

Artigo 1. Obxecto da normativa.

O presente regulamento aplicarase ao procedemento de elección de membros da Asemblea Xeral, a Presidencia e membros da Comisión Delegada da Federación Galega de Voleibol para o período comprendido entre 2026 a 2029. O dito proceso estará regulado tamén polas normas que lle sexan de aplicación contidas na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, polo Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas e polo decreto 171/2021, do 23 de decembro, polo que se modifica o anterior.

Artigo 2. Celebración de eleccións.

A Federación Galega de Voleibol procederá á elección da súa Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada no ano 2026, coincidindo co ano de celebración dos Xogos Olímpicos de Inverno. O calendario electoral, aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte xunto con este Regulamento figurará como anexo a convocatoria das eleccións. Os sobres e as papeletas serán os establecidos no Anexo I deste regulamento.

Artigo 3. Do Regulamento electoral

A Secretaría Xeral para o Deporte aprobará o regulamento no prazo máximo dun mes.

A Secretaría requirirá, no seu caso, realizar as emendas oportunas, concedendo un prazo de dez días hábiles. As ditas emendas poderán ser realizadas pola xunta directiva ou polo presidente da federación, sen necesidade dun novo sometemento á aprobación da asemblea xeral, se estes foran autorizados pola Asemblea na sesión de aprobación do regulamento. Transcorrido o dito mes sen que a Secretaría Xeral para o Deporte dite ningunha resolución se entenderá aprobado o regulamento.

Unha vez aprobado o regulamento pola Secretaría Xeral para o Deporte, esgotarase a vía administrativa e unicamente poderá ser obxecto de recurso contencioso administrativo, tal e como dispón o artigo 17 do Decreto.

O regulamento electoral, estará publicado no taboleiro de anuncios da Federación Galega de Voleibol e na súa páxina web, www.fgyb.es, no apartado "proceso electoral" durante todo o proceso electoral.

Capítulo II

Órganos electorais.

Artigo 4. Comisión xestora. Composición duración e funcións

1. Unha vez convocadas as novas eleccións, a xunta directiva da Federación entenderase disolta e asumirá as súas funcións unha Comisión Xestora.
2. A Comisión Xestora estará formada por 2 membros máis unha Presidencia, cuxa

composición será a seguinte:

- a) Un membro elixido pola Comisión Delegada debendo ter representación, por este orde, os estamentos de: entidades deportivas, deportistas, xuíces/árbitros e adestradores e adestradoras. Esta regra de representatividade deberá observarse tanto na designación das persoas titulares coma das suplentes
 - b) Un membro designado pola Xunta Directiva antes da súa disolución, que exercerá as funcións de secretaría e tesouraría da Federación.
 - c) Tanto a Comisión Delegada coma Xunta Directiva elixiran dous suplentes cada unha para a cobertura de posibles baixas.
 - d) A presidencia da comisión xestora corresponderá a quen sexa elixida para tal función. Poderá exercer a presidencia a persoa titular saínte, coa limitación regulada no apartado seguinte.
3. As persoas que presenten a súa candidatura para formar parte dos órganos de goberno e representación da Federación non poderán pertencer á Comisión Xestora e deberán cesar na dita condición ao presentar a candidatura en cuestión.
 4. A Comisión Xestora entenderase extinguida unha vez que tomen posesión todas as persoas membros dos órganos de goberno da Federación.
 5. A Comisión Xestora será o órgano encargado de administrar e xestionar a Federación durante o proceso electoral. Non poderá realizar actos que directa ou indirectamente, mediata ou inmediatamente, induzan ou condicionen o sentido do voto dos electores, e deberán observar os principios de obxectividade, transparencia do proceso electoral e igualdade.
 6. Se o proceso electoral se adiaxe e afectase ó desenvolvemento da actividade deportiva da Federación, a comisión xestora, coa autorización da Secretaria Xeral para o Deporte, adoptará as medidas axeitadas para asegurar o normal funcionamento.

Artigo 5. Xunta Electoral.

1. Constituirase unha única Xunta Electoral, que será o órgano encargado e de control das eleccións. Deberá resolver en primeira instancia as reclamacións que se presenten contra toda decisión adoptada no proceso electoral, agás a convocatoria das eleccións e a aprobación do regulamento electoral. Así mesmo, remitirá ao Comité Galego de Xustiza Deportiva os recursos que reciban contra as súas resolucións.
2. En canto á súa composición e funcionamento, estarase ao establecido nos artigos 6 e 7 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, modificado polo Decreto 171/2021, do 23 de decembro.

Capítulo III

Das persoas electoras e elixibles.

Artigo 6. Das persoas electoras e elixibles á Asemblea Xeral.

1. Poderán ser electores e elixibles á Asemblea Xeral:
 - a) No caso dos estamentos constituídos por persoas físicas (deportistas, persoas



que ostenten a condición de xuíces/árbitros, e técnicos/adestradoras) as que reúnan os seguintes requisitos:

- 1.º Ser maior de idade á data da celebración das votacións.
- 2.º Ter licenza federativa en vigor na data da convocatoria das eleccións e as dúas tempadas anteriores á da celebración das eleccións.
- 3.º Ter participado, nas tempadas 2023/2024 y 2024/2025, nunha competición deportiva oficial alomenos.

Este requisito non será esixible aos xuíces/árbitros.

4.º Ademais, e como requisito específico de elixibilidade para as persoas elixibles, non estar inhabilitada para ocupar cargos directivos ou de representación no ámbito deportivo por resolución firme na vía administrativa ditada polo órgano disciplinario competente, nin estar inhabilitadas para o desempeño de cargo público ou de representación por sentenza xudicial firme.

b) No estamento de entidades deportivas, as que reúnan os seguintes requisitos:

1.º Estar inscritas, dende xaneiro de 2024 na Federación galega de Voleibol e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

2.º Ter participado, dende o mes de xaneiro de 2024, polo menos, nunha competición deportiva oficial por cada tempada.

3.º Ademais dos anteriores requisitos, comúns para ser elector e elixible, non serán elixibles as entidades deportivas filiais ou dependentes que teñan esta consideración segundo os estatutos ou normas da federación correspondente. A efectos electorais equipararanse a estas entidades as que, a pesar de ter estruturas independentes, compartan a lo menos un 50% das súas licenzas.

2. Entenderase como competición deportiva oficial soamente as incluídas como tales no calendario oficial da Federación Galega de Voleibol. Tamén se considerarán as competicións estatais e internacionais oficiais da Federación española ou internacional ás que a Federación Galega de Voleibol está adscrita.

3. As persoas membros da Federación que pertencen a dous ou mais estamentos no censo provisional, deberán optar por un deles, mediante escrito dirixido á Xunta Electoral, que deberá cursarse no período de reclamacións ao censo provisional. De no exercer opción no prazo indicado, os electores que se atopen en varios estamentos no censo electoral provisional, quedarán incluídos nun só estamento segundo o seguinte criterio:

a) No estamento de técnicos, os que sexan incluídos nos censos de deportistas e técnicos.

b) No estamento árbitros/xuíces, os que se atopen nos censos de deportistas e xuíces/árbitros.

c) No estamento de técnicos, os que sexan incluídos nos censos de técnicos e xuíces/árbitros.

4. Poderán ter a condición de elixibles aquelas persoas físicas e xurídicas que atopándose sancionadas por un procedemento disciplinario deportivo, a sanción non comporte a inhabilitación da condición de elixible.



Artigo 7. Das persoas electoras e elixibles á Presidencia da Federación e á Comisión Delegada.

1. Poderán ser electores á Presidencia da Federación e á Comisión Delegada os membros da Asemblea Xeral elixidos neste proceso electoral.
2. Poderán ser elixibles para a Presidencia da Federación as persoas que cumpran, na data de celebración da elección, os requisitos establecidos no artigo 9.2 do Decreto. En canto o requisito de número de mandatos regulado no artigo 55 bis. 2.i) da Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, estarase ao establecido na disposición adicional primeira da Lei 3/2025, de 15 de decembro, de modificación da dita Lei.
3. Poderán ser elixibles para a Comisión Delegada as persoas físicas e xurídicas que teñan a condición de membro da Asemblea Xeral na data da celebración da elección.

Capítulo IV

Dos censos electorais.

Artigo 8. Do Censo electoral.

Elaboraranse un censo que terá as seguintes fases:

- a) Censo inicial.
- b) Censo provisional.
- c) Censo definitivo.

Estará ordenado alfabeticamente por apelidos e nome, por estamentos, y provincias,

O censo electoral, incluírá aos deportistas, técnicos/adestradores, xuíces/árbitros e entidades deportivas inscritas na Federación e no rexistro de entidades deportivas de Galicia (en listas diferentes), que reúnan os requisitos para ser electores, de acordo co establecido no artigo 6º do presente regulamento.

Para os/as deportistas, adestradores e xuíces/árbitros incluíranse os seguintes datos:

- Apelidos e nome.
- Entidade deportiva.
- Número de licenza federativa.
- Número do DNI, de pasaporte ou, da tarxeta de residencia (só os últimos catro números).
- Consideración de deportistas de alto nivel.
- Correo electrónico.
- Domicilio a efectos de notificación. Por defecto, o domicilio reflectido para o estamento de deportistas e técnicos será o da entidade deportiva ao que pertencen, salvo que indiquen outro expresamente, e respecto do estamento de xuíces/árbitros, o que a estes efectos indiquen a Federación. No período de reclamacións ao censo provisional poderase solicitar o cambio de domicilio.

Para as entidades deportivas:

- Nome, denominación ou razón social
- Enderezo

- Número de inscrición no rexistro de entidades deportivas de Galicia.
- Correo electrónico
- Identificación do representante legal que exercerá o dereito a voto. Neste censo figurará como representante a persoa que ostenta a Presidencia de cada entidade deportiva, agás que a representación recaia nunha persoa da xunta directiva, que deberá acreditarse mediante certificado expedido polo rexistro de entidades deportivas de Galicia ou certificado expedido polo secretario da entidade.

O tratamento e publicación dos datos contidos no censo terá por única finalidade garantir o exercicio polos electores do seu dereito de sufraxio e garantir a transparencia do proceso electoral, estando prohibida a súa cesión ou utilización para unha finalidade distinta a aquela. Queda prohibida calquera información particularizada sobre os datos persoais contidos no censo electoral.

a) Do censo electoral Inicial.

Antes do 28 de febreiro de 2026, a federación elaborará un censo electoral inicial por cada estamento e especialidade (se existir), por entidades, deportistas, técnicos e árbitros

Este censo será exposto publicamente no taboleiro de anuncios da Federación Galega de Voleibol e na web www.fgvb.es na sección "proceso electoral", durante dez días naturais, para posibles reclamacións ao mesmo durante dito prazo, mediante escrito remitido á xunta directiva, que resolverá, no seu caso, no prazo máximo de cinco días naturais.

No citado prazo, as entidades poderán solicitar que figure como representante da mesma no censo e como votante unha persoa distinta ao Presidente sempre que sexa membro da xunta directiva da entidade, condición que deberá acreditar mediante certificado expedido polo Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Rematados os prazos anteriores, remitirase o censo emendado, en soporte editable, á Secretaría Xeral para o Deporte, no prazo de cinco días naturais, xunto co calendario deportivo oficial da tempada en curso e os dous anteriores, tres calendarios en total.

A Secretaría Xeral para o Deporte, no prazo máximo de cinco días naturais, emitirá un certificado onde consten as entidades que non figuran inscritas no Rexistro ou as competicións que non se poidan considerar como oficiais.

b) Do censo electoral provisional.

A Xunta Directiva, á vista do certificado da Secretaría Xeral para o Deporte, dará de baixa no censo inicial ás entidades deportivas galegas non inscritas no Rexistro de entidades deportivas de Galicia, así como non terá en consideración as competicións non incluídas no calendario deportivo oficial, formulando o censo electoral provisional.

O censo electoral provisional publicarase simultaneamente coa convocatoria electoral e deberá ser remitido pola secretaria da Federación á Xunta Electoral no prazo máximo de catro días hábiles desde a convocatoria.

Será exposto publicamente nos mesmos termos regulados na letra a) deste artigo, para a presentación das eventuais reclamacións ante a xunta electoral.

A Xunta Electoral resolverá as reclamacións no prazo de cinco días naturais. Transcorrido ese prazo sen resolución expresa, entenderase desestimada a reclamación formulada.

Contra a resolución das reclamacións ao censo electoral provisional poderá interpoñerse,



nun prazo máximo de cinco días naturais a contar desde a recepción da notificación da resolución da reclamación se esta é expresa ou transcorrido o prazo máximo para resolver, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva que deberá resolver nun prazo de cinco días hábiles.

c) Do censo definitivo.

Unha vez resoltas as reclamacións, no seu caso, a xunta electoral elevará, no día hábil seguinte o censo electoral provisional a definitivo, contra o que non caberá recurso ningún..

O censo definitivo será exposto nos mesmos lugares e da mesma forma que o censo provisional e será exposto ata o día da votación á Asemblea Xeral.

Aprobado o censo electoral definitivo a xunta electoral deberá aprobar, no seu caso, os cambios que se deban facer na distribución inicial do número de representantes asignado a cada circunscrición electoral por especialidade e por estamento, cando os ditos cambios veñan impostos polas variacións ou modificacións do censo electoral provisional. Contra esta resolución da xunta electoral poderá interpoñerse, no prazo de tres días hábiles recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva que deberá resolver no prazo de cinco días hábiles.

Capítulo V

Das mesas electorais.

Artigo 9. Mesas electorais.

Para a celebración das votacións, durante o proceso electoral, constituiranse tres tipos de mesa electoral:

l) Mesa electoral para a votación a candidatos á Asemblea Xeral da Federación. Constituiranse as seguintes mesas electorais:

a) Mesa 1, ubicada no local sito na Sede Federativa, Av/ Glasgow 13 – Complexo Deportivo Elviña de A Coruña. Nesta mesa votarán os electores das provincias de A Coruña e Lugo. O horario de apertura da mesa será o sinalado no artigo 17 deste Regulamento.

b) Mesa 2, ubicada no local sito na Rúa Carlos Maside s/n (Estadio do Couto). 32002 Ourense. Nesta mesa votarán os electores das provincias de Pontevedra e Ourense. O horario de apertura da mesa será o sinalado no artigo 17 deste Regulamento.

1) As mesas electorais de cada circunscrición estarán compostas por tres membros titulares (unha Presidencia, unha secretaría e unha vogalía) e tres suplentes destas, elixidos por sorteo pola Xunta Electoral entre os integrantes do censo definitivo. Serán Presidente e secretario os membros de maior e menor idade respectivamente. A asistencia á mesa electoral é obrigatoria salvo causa xustificada que deberá ser autorizada pola Xunta Electoral.

2) A designación dos membros titulares e suplentes da mesa electoral realizarase nos dous días hábiles seguintes ao da proclamación definitiva das candidaturas, 17 de agosto ou se houbese recursos o 3 de setembro as 20:00 horas. As persoas propostas deberán aceptar esta designación no prazo dos dous días hábiles seguintes, agás causa xustificada e documentada que lles impida a aceptación do cargo.

3) Non poderán formar parte da mesa electoral as persoas candidatas á elección



de membros da Asemblea Xeral.

4) Para cada mesa electoral, os candidatos poden nomear interventores acordo co establecido no artigo 10 deste Regulamento.

5) Son competencias da mesa electoral:

- a) Comprobar a identidade dos votantes.
- b) Recoller a papeleta de voto e depositala na urna pechada e preparada aos efectos.
- c) Proceder á conta de votos.
- d) Levantar acta dos votos emitidos, resultados e calquera outra incidencia, así como das incidencias e reclamacións, se as houber, facendo constar o número de votos obtidos por cada candidato.
- e) Remitir á Xunta Electoral e á Secretaría Xeral para o Deporte a acta da votación subscrita por todos os membros da mesa electoral, así como polas persoas interventoras, se as houber, e remitirase polo secretario, ao día seguinte das votacións á Xunta Electoral que deberá garantir a súa exposición pública mediante publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web da Federación, www.fgyb.es, no apartado "proceso electoral". As papeletas e demais documentación quedará custodiada na federación.

II) Mesa electoral de voto por correo:

A Xunta Electoral designará unha mesa electoral do voto por correo que adecuará o seu funcionamento e obrigas ao disposto no apartado I) deste artigo, coas seguintes peculiaridades:

- a) A súa sede será a da Secretaría Xeral para o Deporte.
- b) Se constituirá ás 16:00 horas do segundo día hábil seguinte á data de celebración da votación presencial. A persoa que asuma as funcións de secretario da xunta electoral deberá chegar a esta mesa electoral o censo definitivo coa indicación das persoas que exerceran o voto presencialmente, coa finalidade de garantir que non se computen os votos por correo que puidesen emitir as ditas persoas.
- c) Formará parte da mesa como un vogal máis da mesma unha persoa que ostente a condición de empregada pública designada pola persoa responsable da Secretaría Xeral para o Deporte. Nos supostos de empates o voto do Presidente será dirimente.

III) Mesa electoral para a votación á Presidencia e Comisión Delegada da Federación:

- 1) A mesa electoral para a votación á Presidencia da Federación constituirase o día da votación na Coruña, Salón de Actos do Complexo Deportivo Elviña, e adecuará o seu funcionamento e obrigas ao disposto no apartado I) deste artigo.
- 2) A mesa electoral estará composta por tres membros: unha Presidencia, unha Secretaria e unha Vogalía, elixidos por sorteo entre os membros da Asemblea Xeral. O sorteo será realizado pola Xunta Electoral da Federación xunto coa proclamación definitiva de candidaturas a presidencia e comisión delegada, o 20 de novembro ou o 10 de decembro as 20:00 horas.
- 3) Ostentarán a Presidencia e a secretaria os membros de maior e menor idade desta mesa electoral, respectivamente. Así mesmo, e ata que conclúa a elección da Presidencia da Federación, exercerán as funcións da Presidencia e Secretaria da Asemblea



Xeral da Federación.

4) Non poderán formar parte da mesa electoral as persoas candidatas á Presidencia da Federación nin a Comisión Delegada. A aceptación da condición de membro da mesa electoral implica a renuncia a presentar candidatura á Presidencia da Federación Galega de Voleibol o a Comisión Delegada.

5) Primeiro elixirase a Presidencia da Federación e a continuación procederase á elección dos membros que correspondan da Comisión Delegada da Federación, entre os candidatos de cada estamento polos membros asembleístas de cada un deles.

IV) Unha vez constituídos os órganos reitores da Federación entenderanse disoltas as mesas electorais.

Artigo 10. Das persoas interventoras

1. Por cada mesa electoral, as persoas candidatas poden nomear interventores da súa candidatura a calquera persoa maior de idade que serán identificadas ante a Xunta Electoral cunha antelación non inferior a tres días do día de realización das respectivas votacións.

Correspóndelle á Xunta Electoral expedir a correspondente acreditación como interventora.

2. As persoas interventoras poderán participar nas deliberacións da mesa, con voz pero sen voto, así como solicitarlle certificacións e formularlle protestas, todo iso sen prexuízo da lexitimación que lles corresponde para presentar recursos ante a Xunta Electoral e o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

3. A Secretaría Xeral para o Deporte poderá designar, entre o seu persoal, a observadores nas mesas electorais coa función de comprobar o desenvolvemento das votacións, debendo emitir un informe do observado na xornada de votación.

Capítulo VI

Do proceso electoral.

Artigo 11. Convocatoria.

1. A convocatoria das eleccións será feita polo Presidente da Federación Galega de Voleibol, conforme a este regulamento electoral aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte.

2. Simultaneamente á convocatoria de eleccións, a Xunta Directiva disolverase constituíndose unha Comisión Xestora que non poderá realizar mais que actos de mera administración e trámite.

3. A convocatoria de eleccións comunicarse á Secretaría Xeral para o Deporte e publicarase no taboleiro de anuncios da sede da Federación, así como na páxina web www.fgyvb.es, tanto na principal como na sección "ELECCIÓN 2026". O acceso a esta sección non precisara previa solicitude.

A notificación da convocatoria de eleccións conterá cantos datos se precisen para o correcto desenvolvemento do proceso electoral, e en todo caso, sinaladamente:

- O calendario electoral aprobado pola Secretaría Xeral.
- O censo electoral provisional.



- A distribución do número de persoas membros da asemblea xeral por especialidades, estamentos e circunscricións electorais que deberá reflectir a distribución inicial establecida no regulamento electoral do número de representantes asignado a cada circunscrición por especialidade e por estamento.

- A data, lugar e o horario de celebración das votacións.

- Os modelos oficiais de sobres e papeletas.

- O regulamento electoral.

- O procedemento e os prazos para o exercicio do voto por correo.

- A forma de remisión da documentación á Xunta Electoral e á Secretaría Xeral para o Deporte.

- A composición nominal e sede da Xunta Electoral da Federación e os prazos para a súa recusación, así como o enderezo postal e electrónico da Xunta Electoral.

4. A convocatoria deberá ser obxecto da máxima publicidade e difusión posibles, utilizando todos os medios electrónicos e informáticos dos que dispón a Federación, a lo menos no taboleiro de anuncios e na páxina web da Federación, www.fgyb.es.

5. O acto da convocatoria poderá ser recorrido ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva nun prazo de tres días hábiles desde a data da súa completa publicación, de acordo coa certificación anterior.

Artigo 12. Calendario electoral.

1. O calendario electoral respectará os prazos, obrigas e prohibicións establecidos no decreto regulador dos procesos electorais das Federacións deportivas, e será aprobado e selado pola Secretaría Xeral para o Deporte xunto a este regulamento.

2. O calendario electoral selado publicarase como Anexo á convocatoria do proceso electoral.

3. Os prazos deste calendario para a presentación de escritos, reclamacións e recursos, cando estean sinalados por días, entenderase días hábiles e expirarán ás 14:00 horas do derradeiro día de prazo, salvo disposición en contrario. Se o día final do prazo coincide con día inhábil de carácter autonómico ou estatal, ou cun día no que non estean abertas as dependencias da Federación en aplicación do convenio colectivo dos traballadores de entidade, entenderase que remata o día hábil inmediato seguinte.

Artigo 13. Circunscricións electorais.

A circunscrición electoral para todos os estamentos será autonómica.

Artigo 14. Da campaña electoral.

1. Entendese por campaña electoral o conxunto de actividades lícitas levadas a cabo polas persoas candidatas encamiñadas á captación de sufraxios.

2. A campaña electoral iniciarase ás 00:00 horas do día posterior á proclamación definitiva de candidaturas e rematará ás 00:00 horas do día inmediatamente anterior á data fixada para a votación; desde este momento non se poderá realizar propaganda algunha en favor de ningunha candidatura.

Artigo 15. Papeletas e sobres.

1. As papeletas dos/das candidatos/as e os sobres de votación serán facilitados, en



número suficiente, pola Xunta Electoral da Federación á mesa electoral correspondente.

2. As papeletas confeccionaranse en cores diferentes para cada estamento que vaia obter representación na Asemblea Xeral.

Capítulo VII

Da elección a membros da Asemblea Xeral.

Artigo 16. Das listas abertas.

O sistema de votación para participar no proceso electoral a membros da Asemblea Xeral responderá ao sistema de listas abertas.

Artigo 17. Sistema de votación a membros da Asemblea Xeral.

1. A votación a membros da asemblea realizarase en urnas separadas por estamentos. A votación desenvolverase sen interrupcións durante o horario de 16:00 horas a 20:00 horas.

Soamente por causa de forza maior poderán non iniciarse ou interromperse as votacións. En caso de suspensión da votación non se terán en conta os votos emitidos nin se procederá ao seu escrutinio. Neste caso, a Xunta Electoral fixará unha data para a nova votación.

2. O dereito de votar será acreditado pola inscrición no censo electoral definitivo. Para a súa identificación, o elector deberá presentar documento acreditativo da súa personalidade (DNI, pasaporte, tarxeta de residencia ou permiso de conducir con fotografía do titular). No caso das persoas xurídicas, a representación corresponde exclusivamente á persoa que figura no censo electoral definitivo.

3. Cada elector poderá votar en na súa papeleta, ata un candidato máis dos que corresponde elixir ao estamento á que pertence.

4. Unha vez realizado o escrutinio do voto por correo, este remitirase á Xunta Electoral que proclamará provisionalmente as persoas que formarán parte da Asemblea Xeral.

5. Contra o acordo de proclamación provisional efectuado pola Xunta Electoral, poderá presentarse recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de tres días que deberá resolver nun prazo de sete días.

6. Finalizado o prazo para a interposición dos recursos ou, se é o caso, resoltos estes recursos administrativos, a proclamación de candidatos electos elevarase a definitiva.

7. Se un membro electo da Asemblea perdera a condición pola que foi elixido, causará baixa automaticamente naquela, procedéndose á súa substitución da seguinte forma:

As vacantes que se produzan na Asemblea Xeral antes das seguintes eleccións xerais a ela serán cubertas, dentro de cada estamento e de maneira sucesiva, polos candidatos que no proceso electoral obtivesen maior número de votos despois dos que resultaron electos e, a falta destes, mediante a realización de eleccións parciais sempre que, neste último caso, as vacantes superen o 20% dos membros da asemblea.

Os elixidos para ocuparen as vacantes a que se refire o apartado anterior exercerán o seu mandato polo tempo que falte para a celebración das seguintes eleccións xerais.

Artigo 18. Composición da Asemblea Xeral.



1. O número inicial de membros da Asemblea Xeral é de 27, coa seguinte distribución por estamentos:

- a) Estamento de entidades deportivas: 17
- b) Estamento de deportistas: 6
- c) Estamento de adestradores: 2
- d) Estamento de xuíces: 2

2. Os seus membros serán elixidos mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto por e entre os compoñentes de cada estamento de conformidade co número e porcentaxes de representación que se establecen no presente regulamento.

3. Na Asemblea Xeral estarán representados todos os estamentos recoñecidos nos estatutos e integrados na Federación: as entidades deportivas, os deportistas, os adestradores e os árbitros/xuíces.

4. A representación das entidades deportivas corresponde á presidencia ou á persoa que conforme os estatutos de cada entidade lle corresponda. Esta representación acreditarase mediante certificación do rexistro de entidades deportivas de Galicia na que figure expresamente as persoas que teñan a condición de representantes legais da entidade.

5. Non cabe representación das persoas físicas.

6. Ningún membro da asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta.

7. A persoa titular da presidencia da Federación será membro nato da Asemblea Xeral.

8. O Presidente da Federación desempeñará a Presidencia da Asemblea Xeral.

Artigo 19. Proporcionalidade na composición da Asemblea Xeral.

1. A porcentaxe de cada estamento será nas seguintes proporcións:

- a) Representantes de entidades deportivas: entre o 62,96%.
- b) Representantes de deportistas: entre o 22,22%. Unha porcentaxe mínima do 10% das persoas representantes do estamento de deportistas deberá ser elixido por e de entre quen ostente a consideración de deportista galego ou galega de alto nivel na data de aprobación do censo provisional. Os e as deportistas de alto nivel que non desexen ser adscritos a este cupo deberán comunicalo expresamente á Xunta Electoral, e de non facelo serán encadrados no cupo reservado a deportistas de alto nivel. Cando o número ou a porcentaxe de deportistas de alto nivel na Federación non permita cubrir as vacantes correspondentes a dito colectivo, estas serán cubertas polas restantes persoas membros do estamento de deportistas.
- c) Representantes de adestradoras e adestradores: entre o 7,41%.
- d) Representantes de xuíces/árbitros: entre o 7,40%.

2. Unha vez aprobado o censo electoral definitivo de cada un dos estamentos, e tendo en conta o número de membros do estamento de entidades deportivas, a Xunta Electoral no prazo máximo de dous días hábiles fixará o número concreto de membros de cada estamento e especialidade, segundo as porcentaxes e criterios establecidos neste



regulamento electoral. Esta decisión da Xunta Electoral non é impugnabile e deberá ser notificada, no prazo de dous días, á Secretaria Xeral para o Deporte para a súa autorización ou modificación. A resolución da Secretaria Xeral para o Deporte porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso contencioso administrativo.

3. A conformación da representación do estamento de entidades deportivas na asemblea xeral da Federación Galega de Voleibol deberá respectar as regras do artigo 34.5 do Decreto que establece as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos selectivos electorais nas federacións deportivas galegas.

En calquera caso todas as entidades deportivas deberán necesariamente cumprir os requisitos que para eles se establece neste regulamento.

4. Cando o número de candidatos de calquera estamento e, no seu caso, especialidade coincida ou sexa inferior ao número de membros que hai que elixir non será necesaria a celebración de eleccións polo que a ese estamento ou especialidade se refire, dando continuidade ao procedemento electoral.

Non obstante, no caso de que nalgún estamento da asemblea houbera máis dun 20% de vacantes, durante o período electoral dos catro anos, o Presidente procederá, no prazo máximo de 3 meses, á convocatoria parcial de eleccións para cubrir as vacantes, sen que esta nova convocatoria parcial afecte aos xa elixidos.

Artigo 20. Das persoas candidatas a membros electos da Asemblea Xeral.

1. Poderá ser persoa candidata a membro da Asemblea Xeral toda persoa física ou xurídica incluída no censo definitivo que o solicite persoalmente, por correo certificado ou por calquera outro medio que acredite fidedignamente en dereito a dita solicitude, ante a Xunta Electoral. Para a solicitude establececese un prazo de tres días contados desde a publicación do censo definitivo.

2. Unha vez rematado o prazo anterior, a Xunta Electoral no día hábil seguinte proclamará a lista provisional de candidatos facéndoa pública no taboleiro de anuncios e na páxina web da Federación, na sección "ELECCIÓN 2026".

3. Poderán formularse reclamacións contra dita lista provisional de persoas candidatas no prazo de tres días hábiles ante a Xunta Electoral, que disporá de idéntico prazo para resolver.

4. Contra a resolución da Xunta Electoral poderá interpoñerse, no prazo de tres días hábiles, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva que deberá resolver no prazo de sete días hábiles.

5. Unha vez resoltos os posibles recursos, se os houber, no prazo de dous días hábiles procederase á proclamación definitiva de candidatos.

Artigo 21. Das candidaturas á Presidencia da Federación Galega de Voleibol.

1. Poderá presentar candidatura á Presidencia da Federación Galega de Voleibol aquelas persoas que reúnan os requisitos establecidos no artigo 7. Se algún membro da Comisión Xestora presenta a súa candidatura á Presidencia, deberá cesar naquela.

2. O prazo para presentar as candidaturas será de cinco días hábiles, contados desde a proclamación definitiva de candidatos electos á Asemblea Xeral. A presentación de



candidaturas farase na sede oficial da Federación, por correo certificado ou por calquera outro medio que acredite fidedignamente en dereito a dita solicitude, mediante escrito dirixido á Xunta Electoral.

3. As persoas candidatas á Presidencia deberán presentar as súas candidaturas e deberán ir avaladas polo 10% dos membros da Asemblea Xeral. Un membro poderá avalar cantos candidatos considere oportunos.

4. A Xunta Electoral procederá a comprobar a validez dos avais presentados por cada candidato e, a continuación proclamará as candidaturas que cumpran os requisitos para ser elixible.

5. Unha vez presentadas as candidaturas, a Xunta Electoral, no prazo de un día hábil proclamará a lista provisional de candidatos e fará pública no taboleiro de anuncios da Federación e na páxina web na sección "ELECCIÓN 2026".

6. Poderán formularse reclamacións contra a lista provisional de candidatos no prazo de tres días hábiles ante a Xunta Electoral, que disporá de idéntico prazo para resolver.

7. Contra a resolución da Xunta Electoral poderá interpoñerse, no prazo de tres días hábiles, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, que resolverá no prazo de sete días hábiles.

8. A proclamación definitiva de candidatos á Presidencia efectuarase no prazo de dous días desde a resolución do recurso anterior.

Artigo 22. Proclamación dos membros da Asemblea Xeral.

1. Unha vez realizado o escrutinio do voto por correo, este remitirase á xunta electoral que proclamará provisionalmente as persoas que formarán parte da asemblea xeral. En caso de empate entre dous ou mais candidatos este resolverase por sorteo.

2. Contra o acordo de proclamación provisional efectuado pola xunta electoral, poderá presentarse recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de tres días hábiles que deberá resolver nun prazo de sete días hábiles.

3. Finalizado o prazo para a interposición dos recursos ou, se é o caso, resoltos os presentados, a proclamación elevarase a definitiva.

4. As persoas candidatas que non resultaran electas conformarán unha listaxe ordenada de maior a menor número de votos por estamentos e cubrirán as vacantes que se produzan na asemblea xeral durante o mandato electoral.

5. No caso de renuncia ou vacante da metade mais un dos membros da asemblea xeral, constituirase unha comisión xestora conforme á composición establecida, que asumirá as funcións da asemblea xeral ata o remate do mandato electoral.

Capítulo VIII

Elección da Presidencia e Comisión Delegada da Federación.

Artigo 23. Constitución da Asemblea Xeral.

1. As persoas electas como membros da asemblea xeral tomarán posesión do seu cargo antes da súa sesión constitutiva mediante a presentación dun escrito presentado pola persoa elixida aceptando o cargo e dirixido á Xunta Electoral e no prazo de 5 días hábiles desde a súa proclamación definitiva. A sesión constitutiva terá lugar na sede da

Federación o 28.11.2026 ou o 12.12.2026 que se celebrará en todo caso para a elección da presidencia, aínda que só exista un candidato.

2. A sesión constitutiva da asemblea xeral será presidida pola mesa que se constitúa conforme ao disposto no artigo 9.III desde regulamento.

Artigo 24. Elección da presidencia da Federación.

1. No día e hora fixados na convocatoria polo Presidente da Xunta Electoral, constituirase a Asemblea Xeral, en primeira ou segunda convocatoria, tendo como únicos puntos da orde do día a elección a Presidente e a membros da Comisión Delegada.

2. O Presidente da Federación será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto polos membros da Asemblea Xeral presentes no momento da elección.

3. O voto dos membros da Asemblea Xeral será único, non admitíndose o voto por correo nin a delegación de voto.

4. Comezada a sesión e constituída a mesa electoral, o Presidente presentará os candidatos, iniciando, de seguido, o proceso de votación.

5. Os candidatos poderán expor os seus programas procedéndose posteriormente á votación en urna para a elección do Presidente, que será secreta.

6. No caso de que se presentase unha soa candidatura, non se efectuará votación.

7. Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas realizarase unha nova convocatoria da Asemblea Xeral nun prazo de sete días hábiles.

8. Unha vez presentadas a totalidade das candidaturas iniciarase o proceso de votación.

9. Na primeira votación son elixibles todas as persoas candidatas da listaxe definitiva. Aquelas que obteñan un mínimo do 10% dos votos dos membros presentes pasarán á seguinte votación. No suposto de que ningunha candidatura acade o 10% dos votos pasarán á seguinte votación aquelas dúas candidaturas que contén cun maior número de votos. No suposto en que soamente sexa unha candidatura a que obteña o 10% dos votos, pasará tamén á seguinte votación a seguinte (ou seguintes en caso de empates) candidatura en número de votos. De acadarse por algunha candidatura a maioría absoluta dos votos, nesa primeira votación, será proclamado Presidente da Federación.

10. Na segunda votación será elixido presidente da federación a candidatura que nesta fase obteña a maioría absoluta dos votos.

11. No caso de que na votación anterior ningunha candidatura obteña a maioría absoluta dos votos emitidos, procederase a unha terceira e nova votación entre as dúas candidaturas máis votadas na segunda votación e resultará elixida a que obteña maioría de votos. Para o caso de empate, resolverase a favor da candidatura que obtivera maior número de votos na segunda votación e, de persistir o empate, a candidatura que obtivera maior número de votos na primeira votación e no caso de persistir o empate, a favor da persoa candidata de maior idade.

12. Rematada a elección, o secretario da mesa levantará a acta correspondente, que se exporá, xunto coa resolución da xunta electoral da proclamación provisional do



Presidente, no taboleiro de anuncios da Federación e na súa páxina web nunha sección denominada «ELECCIÓN 2026» ao día seguinte. Contra a resolución da Xunta Electoral caberá interpoñer, no prazo de tres días hábiles, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

13. Finalizado o prazo de reclamacións, recursos e da súa resolución, a Xunta Electoral procederá á proclamación definitiva do cargo de Presidente da Federación.

14. Ao día seguinte da proclamación definitiva do cargo de Presidente da Federación, procederase á toma de posesión no seu cargo, da cal levantará acta a secretaría da Xunta Electoral. Unha copia desta acta será remitida á Secretaría Xeral para o Deporte no prazo de dous días hábiles.

Artigo 25. Elección de membros da Comisión Delegada.

1. Os membros da Comisión Delegada elíxense por e entre os membros da Asemblea Xeral, mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto, podendo substituírse anualmente, polo mesmo procedemento, as vacantes que se produzan. O voto por correo non poderá utilizarse en ningún caso para a elección dos membros da Comisión Delegada.

2. O número de membros da Comisión Delegada da Federación Galega de Voleibol será de 6 máis o Presidente, que pertence á mesma como membro nato. Deberá gardarse a seguinte proporción:

- Un terzo da Comisión Delegada debe ser designado polo titular da Presidencia da Federación (2 membros), no prazo de dez días hábiles seguintes á súa toma de posesión.
- Un terzo debe corresponder ás entidades deportivas, elixíndose esta representación por e de entre os mesmos (2 membros).
- Un terzo corresponderá aos demais estamentos (2 membros), en proporción a súa respectiva representación na Asemblea Xeral; elixíndose esta representación por e de entre os mesmos

3. Poderán ser candidatos a membro da Comisión Delegada os membros da Asemblea Xeral mediante escrito dirixido a Xunta Electoral, facendo constar a condición de membro da Asemblea Xeral e manifestando expresamente a vontade de se presentar como candidato a membro da Comisión Delegada, especificando o estamento polo que se presenta. O prazo será de cinco días hábiles dende a proclamación definitiva dos membros que compoñen a asemblea. Se no prazo establecido para presentar candidaturas se presentase un número inferior aos postos a elixir, ditos candidatos enténdense automaticamente elixidos sen votación e poderán presentarse no acto da Asemblea Xeral para cubrir as vacantes outros candidatos que serán sometidos a votación entre os restantes membros da asemblea. No caso de empate procederase a unha segunda votación entre os candidatos empatados, e se persiste o empate resolverase por sorteo.

4. O seu mandato coincidirá co da Asemblea Xeral. Será presidida polo Presidente da Federación como membro nato desta. Actuará como Secretario o da Federación.

Capítulo IX

Da xornada electoral.

Artigo 26. Constitución da mesa electoral.

1. As persoas designadas como membros da mesa electoral para a votación a



membros da Asemblea Xeral e os seus suplentes e da mesa electoral para a votación á Presidencia de cada Federación, reuniranse o día das votacións unha hora antes da apertura do colexio electoral e procederán á constitución de dita mesa.

2. Se a Presidencia ou os vogais non acoden serán substituídos polos seus suplentes.
3. En ningún caso se poderá constituír a mesa electoral sen a presenza do presidente e secretario da mesa.
4. No caso de ausencia do presidente e secretario, os membros da mesa presentes e os suplentes que acudan redactarán e asinarán unha declaración dos feitos acontecidos, e asumirán a función de Presidente ou secretario, completando a mesa, total ou parcialmente, no seu caso, coas persoas electoras que estean presentes no local.
5. Transcorrida media hora desde a constitución da mesa electoral, o secretario redactará a acta de constitución, que será asinada polo Presidente e os vogais.
6. A mesa electoral deberá dispoñer dun censo electoral definitivo para cada un dos membros da mesa.

Artigo 27. Das votacións.

1. Constituída a mesa electoral e na hora prevista o Presidente da mesa electoral anunciará publicamente o inicio das votacións.
2. Unha vez iniciado o acto de votación non se poderá suspender, agás causa de forza maior e sempre baixo a responsabilidade da Presidencia da mesa electoral. No caso de suspensión, levantarase a correspondente acta, que será remitida no prazo das vinte e catro horas seguintes á Xunta Electoral, a fin de que se sinale a data en que se repetirá o acto de votación.
3. O dereito a votar será acreditado no censo electoral, pola inscrición da persoa electora no censo electoral.
4. O secretario da mesa electoral anotará as persoas que voten, con indicación do número co cal figure no censo, así como o seu DNI, pasaporte ou carné de conducir xunto coa representación con que exerce o seu dereito a voto, se se trata dunha persoa xurídica.
5. O voto será secreto e os electores depositarán o seu voto na urna correspondente mediante unha papeleta introducida nun sobre.
6. O Presidente da mesa electoral será a encargada de velar para que a entrada ao local das votacións sexa libre, de manter a orde nel durante a votación e escrutinio e de asegurar a liberdade dos electores no colexio electoral.
7. O Presidente da mesa electoral, logo de consulta co resto dos compoñentes da mesa, poderá expulsar do colexio electoral a calquera persoa que interfira a boa marcha das votacións.
8. Rematado o período sinalado para a votación, o Presidente da mesa electoral anunciará que vai rematar e preguntará se algún dos electores presentes non votou, admitíndose os votos que se dean a continuación e non se permitirá a ningún máis a entrada no local.
9. Acto seguido, votarán os membros da mesa, sempre que teñan dereito, e declarárase pechada a votación.

10. No caso de rematar o exercicio do voto da totalidade dos electores que figuren no censo, a Presidencia da mesa electoral dará por finalizada a xornada electoral e poderá iniciar o proceso de escrutinio de votos.

Artigo 28. Escrutinio.

1. Declarada pechada a votación comezará inmediatamente o escrutinio, función que corresponde exclusivamente á mesa electoral.

2. O Presidente procederá ao escrutinio das papeletas en voz alta, unha a unha, exhibindo cada papeleta ás persoas presentes e anotándose o voto correspondente a cada candidato.

3. Concluído o escrutinio, que non poderá ser interrompido, estenderase a oportuna acta asinada por todos os compoñentes da mesa electoral.

4. Son nulos:

a) Os votos emitidos en papeleta ou sobre de modelos distintos dos facilitados pola Xunta Electoral;

b) As papeletas que teñan riscadas;

c) Os votos en que por calquera razón, non se poida determinar inequivocamente a candidatura elixida;

d) Aqueles votos en que se marquen máis nomes dos permitidos no regulamento electoral para cada estamento ou inclúan o nome de persoas non candidatas.

e) No caso de conter máis de unha papeleta coas mesmas candidaturas marcadas, computarase como un só voto válido, pero se hai varias papeletas e as candidaturas marcadas son diferentes deberá computarse como voto nulo. As papeletas deberán conservarse para o caso de que se faga algunha reclamación sobre elas.

5. Consideraranse votos en branco aqueles sobres que non conteñan ningunha papeleta e aqueles sobres que conteñan papeletas que non presenten ningunha marca.

6. Feito o recuento de votos segundo as operacións anteriores, o Presidente preguntará se hai algunha protesta que facer contra o escrutinio. Se non se formulan, ou despois de resoltas pola maioría da mesa, o Presidente anunciará en voz alta o resultado, especificando o número de votantes, de votos válidos, nulos, votos en branco e de votos obtidos por cada candidatura.

7. Concluídas as operacións, os membros da mesa asinarán a acta da sesión, n2a que figuraran, obrigatoriamente, os seguintes datos:

a) Número de electores inscritos no censo.

b) Número de votos emitidos.

c) Votos declarados nulos, en branco e válidos.

d) Número de votos válidos obtidos por cada candidato.

e) Observacións presentadas ante a mesa electoral sobre a votación e o escrutinio polos candidatos ou interventores.

f) Resolucións motivadas da mesa electoral sobre as observacións presentadas e votos particulares.

8. As actas correspondentes aos resultados das votacións e o censo electoral no que conste os electores que exerceron o seu dereito a voto, serán remitidas polo secretario á Xunta Electoral e á Secretaría Xeral para o Deporte antes das 16:00 horas do día primeiro día hábil seguinte ao da votación.

9. As actas de escrutinio serán expostas no taboleiro de anuncios da Federación Galega de Voleibol, é na súa páxina web na sección «ELECCIÓN 2026», desde o día seguinte das votacións e durante dous días hábiles.

Artigo 29. Documentación electoral.

1. A mesa electoral preparará a documentación electoral que distribuirá en dous sobres.

2. O primeiro sobre conterá o expediente electoral, composto polos seguintes documentos:

- a) Orixinal da acta de constitución da mesa electoral.
- b) Lista do censo electoral de voto por correspondencia.
- c) Lista numerada das persoas votantes e das papeletas ás cales se lles negase validez ou fosen obxecto dalgunha reclamación.
- d) Acta de escrutinio.

3. O segundo sobre conterá copia da documentación anteriormente citada.

4. Unha vez pechados os sobres, a Presidencia e os vogais asinaranos por riba das lapelas que os pechan e serán remitidos, dentro das vinte e catro horas seguintes, á Xunta Electoral, e a Secretaría Xeral para o Deporte. En ningún caso se enviarán as papeletas ou ningún documento adicional.

Artigo 30. Do voto por correo.

• Exercicio do voto por correo:

1) O voto presencial prevalecerá sobre o emitido por correo no caso de concorrencia de ambos.

2) Os electores poderán emitir o seu voto por correo, de conformidade co seguinte procedemento:

a) As solicitudes de voto por correo poderán presentarse a partir do día seguinte ao da convocatoria das eleccións e ata cinco días hábiles despois da publicación do censo definitivo. Presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, dirixida ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, conforme ao modelo do anexo II (código do procedemento DE200A).

A presentación electrónica será obrigatoria para as entidades deportivas e outras persoas electoras que estean obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose



realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

No caso das persoas xurídicas deberá solicitar o voto por correo a persoa que apareza no censo como representante.

As persoas interesadas que non estean obrigadas á presentación electrónica das solicitudes, opcionalmente poderán presentalas nos servizos provinciais do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte ou en calquera dos lugares e rexistros previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

b) Recibida a solicitude, a Xunta Electoral comprobará a inscrición da persoa solicitante no censo electoral, e enviaralle por correo certificado os sobres electorais e as papeletas de todas as candidaturas, así como a documentación necesaria, ao domicilio indicado na súa solicitude ou, na súa falta, ao que figure no censo.

c) A persoa electora introducirá a papeleta no sobre de votación do estamento e circunscrición á que pertenza. Posteriormente, este sobre introducirase dentro do que vai dirixido á mesa electoral do voto por correo, xunto coa fotocopia do DNI ou documento identificativo equivalente.

d) A presentación dos votos deberá realizarse en calquera das oficinas de correos con seis días hábiles de antelación á data da celebración das votacións presenciais, debendo indicar no enderezo que vai dirixido á Secretaría Xeral para o Deporte que custodiará esta documentación ata o día da votación.

3) O prazo límite para recibir os votos por correo finalizará vinte e catro horas antes das votacións presenciais.

4) O sobre se remitirá á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa custodia, por correo, consignándose no anverso e reverso do mesmo os datos que figuran no Anexo I de este Regulamento.

• **Escrutinio do voto por correo.**

1. Constituída a mesa electoral de voto por correo, na Secretaría Xeral para o Deporte, a presidencia deberá asegurarse de contar con anterioridade de estar en posesión da documentación que consta no artigo 28.8, e asistirá á mesa cun borrador de acta e relato que lle poderá solicitar á xunta electoral ou á federación, no seu caso. A Secretaría Xeral para o Deporte non proverá de modelos de actas nin de copias dos censos. O presidente debe asistir á mesa coa dita documentación. O presidente procederá ao desprecintaxe das sacas e comprobarase a correspondencia entre os sobres e o censo electoral. Non se admitirán os sobres e votos daquelas persoas electoras que consten no censo electoral que votaron de forma presencial.

2. Unha vez comprobado, os membros da mesa procederán a abrir o sobre principal e a clasificar os sobres por estamentos e provincias, procedendo o Presidente de seguido a introducilos na urna correspondente.



3. Unha vez finaliza a introdución dos sobres nas urnas, comezará inmediatamente o escrutinio, función que corresponde exclusivamente á mesa electoral.
4. A Presidencia procederá ao escrutinio das papeletas en voz alta, unha a unha, exhibindo cada papeleta ás persoas presentes e anotándose o voto correspondente a cada persoa candidata.
5. Concluído o escrutinio, que non poderá ser interrompido, estenderase a oportuna acta asinada por todos os compoñentes da mesa electoral.
6. Son nulos os votos emitidos en papeleta ou sobre de modelos distintos dos facilitados pola Xunta Electoral; as papeletas que teñan riscadas; os votos en que por calquera razón, non se poida determinar inequivocamente a candidatura elixida: aqueles votos en que se marquen máis nomes dos permitidos no regulamento electoral para cada estamento ou inclúan o nome de persoas non candidatas. No caso de conter máis de unha papeleta coas mesmas candidaturas marcadas, computarase como un só voto válido, para este caso se as candidaturas marcadas son diferentes deberá computarse como voto nulo. As papeletas deberán conservarse para o caso de que se faga algunha reclamación sobre elas.
7. Consideraranse votos en branco aqueles sobres que non conteñan ningunha papeleta e aqueles sobres que conteñan papeletas que non presenten ningunha marca.
8. Feito o recuento de votos segundo as operacións anteriores, que exerza a Presidencia preguntará se hai algunha protesta que facer contra o escrutinio. Se non se formulan, ou despois de resoltas pola maioría da mesa, a Presidencia anunciará en voz alta o resultado, especificando o número de votantes, de votos válidos, nulos, votos en branco e de votos obtidos por cada candidatura.
9. Concluídas as operacións, os membros da mesa asinarán a acta da sesión, na que figuraran, obrigatoriamente, os seguintes datos:
 - a) Número de persoas electoras inscritos ás que se admitiu e notificou o seu dereito a exercer o voto por correo.
 - b) Número de votos emitidos.
 - c) Votos declarados nulos, en branco e válidos.
 - d) Número de votos válidos obtidos por cada persoa candidata.
 - e) Observacións presentadas ante a mesa electoral sobre a votación e o escrutinio polas persoas candidatas ou interventoras.
 - f) Resolucións motivadas da mesa electoral sobre as observacións presentadas e votos particulares.
10. As actas correspondentes aos resultados das votacións e o censo electoral no que conste os electores que exerceron o seu dereito a voto por correo, serán remitidas pola secretaria á Xunta Electoral e á Secretaria Xeral para o Deporte antes das 16:00 horas do día primeiro día hábil seguinte ao da votación.
11. As actas de escrutinio serán expostas no taboleiro de anuncios da Federación Galega de Voleibol e na súa páxina web nunha sección denominada «ELECCIÓN 2026», desde o día seguinte das votacións e durante dous días hábiles.

- **Documentación electoral.**



1) A mesa electoral preparará a documentación electoral que distribuirá en dous sobres.

2) O primeiro sobre conterá o expediente electoral, composto polos seguintes documentos:

- a) Orixinal da acta de constitución da mesa electoral.
- b) Lista do censo electoral de voto por correspondencia.
- c) Lista numerada das persoas votantes e das papeletas ás cales se lles negase validez ou fosen obxecto dalgunha reclamación.
- d) Acta de escrutinio.

3) O segundo sobre conterá copia da documentación anteriormente citada.

4) Unha vez pechados os sobres, o Presidente da mesa e os vogais asinaranos por riba das lapelas que os pechan e serán remitidos, dentro das vinte e catro horas seguintes, á Xunta Electoral, e a Secretaría Xeral para o Deporte.

Capítulo X. Da moción de censura.

Artigo 31. Moción de censura.

A presentación dunha moción de censura contra a persoa presidenta da Federación Galega de Voleibol axustarase ós seguintes criterios:

a) Non poderá presentarse durante os seis primeiros meses de mandato, nin cando resten entre seis meses e un ano ata a data a partires da cal poida realizarse a convocatoria de eleccións, circunstancia a determinar polas normas da Federación.

b) A moción de censura deberá ser proposta e presentada, polo menos, pola terceira parte dos membros da Asemblea Xeral e incluírá necesariamente un candidato á Presidencia da Federación.

c) A presentación da moción de censura dirixirase á Xunta Electoral da Federación, que deberá resolver o que proceda no prazo de dous días hábiles.

d) Cando se acorde a admisión a trámite da moción de censura, o Presidente da Federación deberá convocar a Asemblea Xeral nun prazo non superior a corenta e oito horas, a contar desde que lle sexa notificada a admisión. A Asemblea Xeral que debata sobre a moción de censura deberá celebrarse nun prazo non inferior a quince días nin superior a trinta días, a contar desde que fora convocada.

e) Unha vez convocada a Asemblea Extraordinaria para o debate e votación da moción de censura, e dentro dos dez primeiros días seguintes a esa convocatoria, poderán presentarse mocións alternativas. En ningún caso a moción de censura alternativa poderá ser subscrita por quen promovera a inicial.

f) A votación, que deberá ser secreta, seguirá o mesmo sistema que o previsto para a elección do Presidente. Para que a moción de censura prospere e cese de forma automática o Presidente, se requirira que, sometida a votación, sexa aprobada pola maioría absoluta dos membros da Asemblea Xeral.

Se a moción fora aprobada, o candidato que resulte elixido permanecerá no cargo polo tempo que restase ata a finalización do período de mandato da anterior Presidencia.

g) Se a moción fora rexeitada pola Asemblea Xeral, as persoas signatarias non



poderán presentar outra ata transcorrido un ano, a contar desde o día da súa votación e rexeitamento.

h) Informarase a través da páxina web da Federación da presentación da moción de censura e da data da convocatoria da Asemblea Xeral, así como do resultado.

i) As decisións que adopten os órganos federativos en relación coa presentación, admisión, tramitación e votación da moción de censura, ou mocións alternativas, poderán recorrerse ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de cinco días hábiles.

Capítulo XI

Do réxime de reclamacións e recursos

Artigo 32. Reclamacións ante a Xunta Electoral.

1. O coñecemento de todas as reclamacións que se poidan formular na materia electoral corresponde á Xunta Electoral, e serán todas as súas resolucións impugnables ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

2. Están lexitimados para interpoñer estas reclamacións os representantes das candidaturas ou as persoas ou entidades debidamente afectadas polos acordos da Xunta Electoral.

3. As reclamacións ante a Xunta Electoral serán presentados persoalmente ou por calquera medio que acredite fidedignamente en dereito a presentación do escrito (burofax, correo certificado, telegrama, correo electrónico, ...), na sede federativa mediante escrito dirixido ó Presidente da Xunta Electoral, facendo constar o enderezo de correo electrónico a efectos das notificacións das resolucións das reclamacións.

4. Os prazos para a presentación destes recursos, así como os recursos contra as resolucións da xunta electoral serán os fixados neste regulamento electoral, e respectaranse en todo caso os establecidos no Decreto que regula este proceso electoral si se estableceran outros distintos.

Artigo 33. Recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

De acordo co disposto no artigo 88 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, correspóndelle ao Comité Galego de Xustiza Deportiva o coñecemento e a resolución dos recursos que neste proceso electoral adopte a Federación, podendo adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para garantir a legalidade do proceso electoral.

1. Contra os acordos e resolucións da Xunta Electoral procederá recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, poñendo fin, as resolucións deste, á vía administrativa.

2. Están lexitimados para interpoñer o recurso quen fose parte na impugnación ante a Xunta Electoral federativa ou as persoas interesadas directamente polo seu acordo ou resolución.

3. O escrito de interposición do recurso deberá expresar:

a) Identificación e medio e lugar de notificacións.

b) Se é o caso, o nome, DNI e enderezo do representante do interesado, podendo acreditar a súa representación, ademais de polos medios legais procedentes, a través de



comparecencia ante a Secretaría do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

- c) A lexitimación para interpoñer o recurso.
 - d) O acto contra o que se recorre e a razón da súa impugnación.
 - e) As consideracións de feito e de dereito en que se baseen as súas pretensións, así como as propostas de proba que ofrezan en relación con aquelas.
 - f) As pretensións que deduzan de tales consideracións.
 - g) Lugar, data e sinatura.
4. O Comité Galego de Xustiza Deportiva será competente para coñecer, en última instancia administrativa, dos recursos interpostos contra:
- a) En primeira instancia, fronte ao acordo de convocatoria das eleccións, así como contra o calendario electoral.
 - b) En segunda instancia, fronte as resolucións adoptadas durante o proceso electoral pola Xunta Electoral da Federación en relación co proceso electoral.

Artigo 34. Interposición dos recursos.

Os recursos dirixidos ó Comité Galego de Xustiza Deportiva deberán presentarse ante a Xunta Electoral que remitirá no mesmo día ou o seguinte á presentación, por correo electrónico ao enderezo elecciones2026.deporte@xunta.gal, o recurso co expediente completo e o seu informe.

Transcorrido o prazo correspondente sen que se interpuxera o recurso, os acordos ou resolucións serán firmes.

Artigo 35. Tramitación dos recursos.

Á tramitación dos recursos atribuídos ao coñecemento do Comité Galego de Xustiza Deportiva aplicaráselle a lexislación sobre procedemento administrativo común e o Decreto 120/2013 do 24 de xullo polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva, agás os prazos dos distintos trámites que se axustarán ao disposto no presente decreto e aos acordos do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

ANEXO I

Modelo de papeletas e sobres de votación

a) Sobre de votación (sobre 1)

ELECCIÓN Á ASEMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE VOLEIBOL

ESTAMENTO DE.....

CIRCUNSCRICIÓN AUTONÓMICA

Mesa electoral.....

Indíquese, cando corresponda, se a persoa electora está incluída nalgún dos seguintes supostos:

☐ Estamento de deportista: deportista cualificado como deportista (galego/estatal) de alto nivel.

b) Sobre para a remisión do voto por correo (sobre 2)

ANVERSO

FEDERACIÓN DEPORTIVA GALEGA DE VOLEIBOL

Enderezo:

Eleccións á Asemblea Xeral da Federación Galega de Voleibol

REVERSO

Nome e apelidos /Razón Social:

Estamento de:

Circunscrición: AUTONÓMICA

Deportista de alto nivel: ☐

c) Solicitud interesando a inclusión no censo especial de voto por correspondencia

(Nome e apelidos), con DNI n.º, e n.º de licencia....., pertencente ao estamento de na especialidade deportiva

de, pola presente formula solicitude de acordo co artigo 44 do decreto polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas Federacións deportivas galegas, pola que SOLICITA

Que se admita o presente escrito xunto coa documentación que se achega (fotocopia do DNI, pasaporte ou residencia e da licenza deportiva) e, tralos trámites oportunos, se me inclúa no censo especial de voto

por correspondencia da Federación Galega de

En,....., a, de, de 20.....

Asinar:

Á Xunta Electoral DA Federación GALEGA DE VOLEIBOL.



d) Papeleta de votación

FEDERACIÓN GALEGA DE VOLEIBOL ELECCIÓN ASAMBLEA GENERAL ESTAMENTO JUGADORES 1. D./Dña. 2..D./Dña. 3. D./Dña. 4. D./Dña. 5. D./Dña. 6.D./Dña. 7. D./Dña. Cada elector podrá votar como máximo a 7 candidatos	FEDERACIÓN GALEGA DE VOLEIBOL ELECCIÓN ASAMBLEA GENERAL ESTAMENTO ENTIDADES DEPORTIVAS 1. Club 2. Club 3. Club 4. Club 5. Club 6. Club 7. Club 8. Club 9. Club 10. Club 11. Club 12. Club 13. Club 14. Club 15. Club 16. Club 17. Club 18. Club Cada elector podrá votar como máximo a 18 candidatos
FEDERACIÓN GALEGA DE VOLEIBOL ELECCIÓN ASAMBLEA GENERAL ESTAMENTO TÉCNICOS 1. D./Dña. 2. D./Dña. 3. D./Dña. Cada elector podrá votar como máximo a 3 candidatos	FEDERACIÓN GALEGA DE VOLEIBOL ELECCIÓN ASAMBLEA GENERAL ESTAMENTO ÁRBITROS 1. D./Dña. 2. D./Dña. 3. D./Dña. Cada elector podrá votar como máximo a 3 candidato



CALENDARIO ELECTORAL 2026 FEDERACIÓN GALEGA DE VOLEIBOL

FASE I: CENSO INICIAL		
1	Censo inicial	28 febreiro
2	Exposición do censo e prazo para reclamacións	20 marzo
3	Correccións da Xunta Directiva	27 marzo
4	Remisión á SXD: - censo inicial - calendarios	30 marzo
5	SXD. Certificados	8 abril
6	Elaboración do Censo Provisional cos certificados da SXD	6 xullo

FASE II: CONVOCATORIA DAS ELECCIÓNS		
1	Convocatoria da Asemblea Xeral	24 abril
2	Celebración da Asemblea Xeral (A.X.): - aprobación regulamento - calendario electoral estimativo - elección da Xunta Electoral - elección, no seu caso, da Comisión Xestora	9 Maio
3	Remisión á SXD: - regulamento electoral - calendario electoral estimativo	11 maio
4	Resolución da SXD	11 maio – 11 xuño
5	No caso de emendas da SXD, remisión das emendas	12 xuño -26 xuño
6	Resolución definitiva da SXD	29 xuño – 3 xullo
7	Convocatoria das eleccións: Publicación regulamento, censo electoral provisional e apertura da solicitude de voto por correo	5 xullo

FASE III: CENSO PROVISIONAL		
1	Exposición do censo electoral provisional e prazo de reclamacións	6 xullo – 15 xullo
2	Resolución das reclamacións pola Xunta electoral:	16 xullo – 20 xullo
3	Recursos ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva (CGXD)	21 xullo – 27 xullo
4	Resolución dos recursos CGXD:	28 xullo – 3 agosto





FASE IV. CENSO DEFINITIVO, CANDIDATURAS Á ASEMBLEA XERAL, VOTO POR CORREO		
1	Aprobación pola Xunta Electoral do censo electoral definitivo e remisión á SXD	4 agosto
2	a) Presentación de candidaturas á A.X. b) Fin prazo para solicitar voto por correo	a) 5 agosto – 7 agosto b) 11 agosto
3	Publicación provisional de candidaturas á A.X.	10 agosto
4	Recursos ante a Xunta Electoral (XE)	11 agosto – 13 agosto
5	Resolución da XE das reclamacións	14 agosto – 18 agosto
6	Recurso ante o CGXD	19 agosto – 21 agosto
7	Resolución do CGXD	24 agosto – 1 setembro
8	Proclamación definitiva de candidaturas: a) Se non hai recursos ante a Xunta electoral: b) Se hai recursos ante a Xunta electoral:	a) 14 agosto b) 2 setembro
9	Fin do prazo para emitir o voto por correo	7 outubro
10	Fin do prazo para solicitar interventores	13 outubro

FASE V: ELECCIÓN DE ASEMBLEÍSTAS		
1	Xornada electoral presencial: - mesas - voto - escrutinio	17 outubro
2	Mesa voto por correo	20 outubro
3	Proclamación provisional de candidatos electos	21 outubro
4	Recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva	22 - 26 outubro
5	Resolución do CGXD	27 outubro - 4 novembro
6	Proclamación definitiva dos membros electos	5 novembro
7	Toma de posesión dos membros electos	6 - 12 novembro

FASE VI: CANDIDATURAS Á PRESIDENCIA		
1	Presentación de candidaturas á presidencia	6 - 12 novembro
2	X.E.: Publicación provisional de candidatos	13 novembro
3	Reclamacións á Xunta Electoral	16 - 18 novembro
4	Resolución da Xunta Electoral	23 novembro
5	Recurso ante o CGXD	26 novembro





6	Resolución do CGXD	07 decembro
7	Proclamación definitiva de candidatos: a) Se non hai recursos ante a Xunta electoral b) Se hai recursos ante a Xunta electoral	a) 20 novembro b) 10 decembro

FASE VII: ELECCIÓN DA PRESIDENCIA - TOMA DE POSESIÓN		
1	Asemblea Xeral, constitución e votación á presidencia	a) 28 novembro b) 12 decembro
2	Proclamación provisional da presidencia	a) 30 novembro b) 14 decembro
3	Recurso ante o CGXD	a) 1 -3 decembro b) 15 - 17 decembro
4	Resolución do CGXD	a) 4 - 15 decembro b) 18 - 29 decembro
5	Proclamación definitiva da presidencia: a) Se non hai recursos ante o CGXD b) Se hai recursos ante o CGXD	a) 4 o 18 decembro b) 21 o 30 decembro
6	Toma de posesión	a) 7 o 21 decembro b) 22 o 31 decembro

